

# Madame B

Explorando o capitalismo emocional

MIEKE BAL & MICHELLE WILLIAMS GAMAKER

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

25 novembro 2017 / 28 xaneiro 2018

Espazo de Proxectos

## MADAME B E O TEMPO DAS IMAXES

A obra escrita de Mieke Bal, esencial para comprender o desenvolvemento da historia da arte e da cultura visual da contemporaneidade, achegouse aos obxectos culturais a través dunha perspectiva interdisciplinar na que se dan a man a teoría literaria, a semiótica, o feminismo, a historia da arte, os estudos culturais ou a teoría poscolonial. A viaxe entre disciplinas e a comunicación e o encontro entre tempos e espazos diferentes foi unha das súas preocupacións constantes. As súas obras visuais, tanto os seus *videoensaios* sobre o migratorio como as súas *ficcións teóricas* sobre a tolemia, a intimidade e os afectos continúan esas preocupacións e lévanas directamente ao ámbito do visual, desenvolvendo e problematizando cuestións como a temporalidade, o movemento, pero tamén os encontros, o diálogo e a confrontación afectiva. *Madame B*, o proxecto colaborativo de Mieke Bal e Michelle Williams Gamaker, condensa gran parte destas reflexións e desprégaa no espazo físico do museo, convertendo a obra nun dispositivo que, por unha banda, nos enfrenta a unha sutil e complexa visión do amor na era do capitalismo e, por outra, nos fai pensar e experimentar os límites e posibilidades do propio evento expositivo. En ambos os casos, a problemática do tempo aparece como elemento central.

En “Che cos’è il contemporaneo?” (Que é o contemporáneo?) observa Giorgio Agamben que ser contemporáneo é manter unha relación particular co presente, unha especie de desfasamento ou de relación crítica con el, unha especie de afastamento ou anacronismo<sup>1</sup>. Na súa aproximación ao cinema de Pasolini, Georges Didi-Huberman vincula as ideas de Agamben sobre o contemporáneo coa montaxe, no sentido que esta ten para Warburg e para Benjamin, co entrelazamento de temporalidades e, sobre todo, coa “arte de fracturar a linguaxe, de crebar as aparencias, de desunir a unidade do tempo”<sup>2</sup>.

Sen dúbida, *Madame B* é unha posta en escena deste sentido da contemporaneidade como apertura do tempo. Unha fractura da



## MADAME B Y EL TIEMPO DE LAS IMÁGENES

La obra escrita de Mieke Bal, esencial para comprender el desarrollo de la historia del arte y la cultura visual de la contemporaneidad, se ha acercado a los objetos culturales a través de una perspectiva interdisciplinar en la que se dan la mano la teoría literaria, la semiótica, el feminismo, la historia del arte, los estudios culturales o la teoría poscolonial. El viaje entre disciplinas y la comunicación y el encuentro entre tiempos y espacios diferentes ha sido una de sus preocupaciones constantes. Sus obras visuales, tanto sus *videoensayos* sobre lo migratorio como sus *ficciones teóricas* acerca de la locura, la intimidad y los afectos continúan esas preocupaciones y las llevan directamente al ámbito de lo visual, desarrollando y problematizando cuestiones como la temporalidad o el movimiento, pero también los encuentros, el diálogo y la confrontación afectiva. *Madame B*, el proyecto colaborativo de Mieke Bal y Michelle Williams Gamaker, condensa gran parte de estas reflexiones y las despliega en el espacio físico del museo, convirtiendo la obra en un dispositivo que, por un lado, nos enfrenta a una sutil y compleja visión del amor en la era del capitalismo y, por otro, nos hace pensar y experimentar los límites y posibilidades del propio evento expositivo. En ambos casos, la problemática del tiempo aparece como elemento central.

En “¿Qué es lo contemporáneo?”, observa Giorgio Agamben que ser contemporáneo es mantener una relación particular con el presente, una especie de desfase o de relación crítica con él, una suerte de alejamiento o anacronismo<sup>1</sup>. En su aproximación al cine de Pasolini, Georges Didi-Huberman vincula las ideas de Agamben sobre lo contemporáneo con el montaje, en el sentido que este tiene para Warburg y para Benjamin, con el entrelazamiento de temporalidades, y sobre todo con “el arte de fracturar el lenguaje, de quebrar las apariencias, de desunir la unidad del tiempo”<sup>2</sup>.

Sin lugar a dudas, *Madame B* es una puesta en escena de este sentido de la contemporaneidad como apertura del tiempo. Una fractura



Mieke Bal & Michelle Williams Gamaker: *Madame B: explorando o capitalismo emocional*, 2014. © Mieke Bal & Michelle Williams Gamaker

linguaxe, e tamén unha relación de anacronismo co presente e co pasado. Anacrónica e, ao mesmo tempo, contemporánea. Unha intervención visual que, partindo de *Madame Bovary*, trae a Flaubert ao presente. Non unha *re-creación* da famosa novela, senón máis ben unha creación a partir dun diálogo entre tempos.

#### DIÁLOGO ENTRE TEMPOS

En primeiro lugar, o tempo fai a súa aparición en tanto que relación co outro. Esta é unha das ideas centrais de toda a produción artística de Mieke Bal e Michelle Williams Gamaker. O propio traballo de ambas as artistas é un diálogo, un traballo colaborativo. As súas obras anteriores, encadradas na estética migratoria, tamén se penetran no traballo sobre e desde o outro. O diálogo e a confrontación *entre dúas* sempre ten un papel central. Trátase en todo momento dun traballo caracterizado polo dialóxico, tanto na construción como nos temas, e mesmo nos modos de exposición, que adoitan requirir a presenza dun espectador capaz de presentar unha conversación coa imaxe.

*Madame B* continúa esta maneira de traballar a través do diálogo e a conversación e expándea a través do tempo. O diálogo prodúcese con *Madame Bovary* e co propio Gustave Flaubert, nunha especie de espazo intertemporal. Unha conversación que ocorre a varios niveis. De novo, non se pode dicir que se trate dunha adaptación, nin dunha versión; nin sequera é unha lectura visual —polo menos no sentido tradicional do termo—. Máis ben estamos ante unha intervención que dialoga e que activa a propia obra de arte. Trátase dun diálogo coa tradición e cos problemas que esta supón. Neste caso, traballar a través da inserción nun espazo previo, non autónomo ou orixinal, senón entrecruzado por problemas, imaxes e experiencias que xa están en *marcha* ou postos en circulación, é fundamental para as artistas. O mundo non se crea de novo, senón que o mundo xa está antes de que

del lenguaje, y también una relación de anacronismo con el presente y con el pasado. Anacrónica y, al mismo tiempo, contemporánea. Una intervención visual que, partiendo de *Madame Bovary*, trae a Flaubert al presente. No una *re-creación* de la famosa novela, sino más bien una creación a partir de un diálogo entre tiempos.

#### DIÁLOGO ENTRE TIEMPOS

En primer lugar, el tiempo hace su aparición en tanto que relación con el otro. Esta es una de las ideas centrales de toda la producción artística de Mieke Bal y Michelle Williams Gamaker. El propio trabajo de ambas artistas es un diálogo, un trabajo colaborativo. Sus obras anteriores, encuadradas en la estética migratoria, también se adentran en el trabajo sobre y desde el otro. El diálogo y la confrontación *entre dos* siempre tiene un papel central. Se trata en todo momento de un trabajo caracterizado por lo dialógico, tanto en la construcción, como en los temas, e incluso en los modos de exposición, que suelen requerir la presencia de un espectador capaz de entablar una conversación con la imagen.

*Madame B* continúa esta manera de trabajar a través del diálogo y la conversación y la expande a través del tiempo. El diálogo se produce con *Madame Bovary* y con el propio Gustave Flaubert, en una especie de espacio intertemporal. Una conversación que ocurre a varios niveles. De nuevo, no se puede decir que se trate de una adaptación, o una versión; ni siquiera es una lectura visual —al menos en el sentido tradicional del término—. Más bien estamos ante una intervención que dialoga y que activa la propia obra de arte. Se trata de un diálogo con la tradición y con los problemas que esta conlleva. En este caso, trabajar a través de la inserción en un espacio previo, no autónomo u original, sino entrecruzado por problemas, imágenes y experiencias que ya están en *marcha* o puestos en circulación, es fundamental para las artistas. El mundo no se crea de nuevo, sino que el mundo ya está antes de que nosotros lo

nós o vexamos. Hai unha estrutura simbólica previa á que o suxeito se suxeita. É apenas nesa circulación de significado onde o artista pode intervir, introduciéndose nunha conversación previa, situándose como interlocutor daqueles que falan precisamente para que outros os escoiten e posteriormente poidan falar. *Madame B* sitúase no espazo conversacional de Flaubert. A obra é unha intervención nun espazo previo e unha actualización da conversación.

Producir unha obra que dialoga co tempo para dialogar con Flaubert ten neste caso un sentido engadido. E é que a propia *Madame Bovary* —como gran parte da obra de Flaubert— é unha novela que entende a creación neste sentido. A obra está creada a partir de clichés sobre a novela romántica, que Flaubert aos poucos desestabiliza. O escritor parte da toma de conciencia de que as emocións son construídas. Crean expectativas. A imaxinación construída crea unha natureza anticipativa. Para Flaubert a imaxinación está construída a través da lectura e “a capacidade da novela para despertar a identificación e as fantasías”<sup>3</sup>. En *Madame B* eses procesos de identificación teñen lugar por medio do cinema e a publicidade, os lugares desde os que hoxe se produce esa construción. Vemos, por exemplo, reflectida no rostro de Emma a institución da imaxinación a través da televisión. Case coma se se tratase do soado Método Ludovico de *A Clockwork Orange* (*A laranxa mecánica*), o suxeito vai aos poucos *suxeitándose na imaxe*. Deste xeito, *Madame B* actualiza o sentido de construción da imaxinación que xa estaba presente en Flaubert.

En certa maneira, poderíase dicir que este autor adianta o postestructuralismo, mostrándose en todo momento consciente de que detrás de cada texto hai un texto, de cada imaxe, unha imaxe. A propia obra traballa sobre a cita; sobre como a nosa imaxinación e emoción se constrúe a través do que lemos. Deste xeito, a novela opera coma unha estraña fisura de sentido na repetición dos clichés. É dicir, chama a atención sobre a súa artificialidade. E aí se atopa o seu posicionamento crítico. No caso de *Madame B*, a quebra faise evidente a través da ruptura da narración, pero tamén da autoconciencia. Do que se trata non é de contribuír, como farían as películas románticas, a consolidar estereotipos e a incrementar a imaxinación amorosa; senón todo o contrario, a evidenciar os seus procesos de construción e a instaurar fallas e grumos no fluxo da imaxinación.

## DA NOVELA Á INSTALACIÓN

Actualizar o sentido de *Madame Bovary* pasa por esa quebra no fluxo dos discursos. Para destruír eses clichés e romper o fluxo do significado exterior, Bal e Williams Gamaker realizan un cambio de medio: da novela á instalación. Como sinalou Boris Groys, “a instalación é para o noso tempo o que a novela para o século XIX”<sup>4</sup>. É a forma por excelencia da arte contemporánea. Porque pon as cousas en contexto a través da súa resignificación no tempo e no espazo: “A instalación é un lugar de apertura, de descubrimento, de desocultamento, precisamente porque sitúa no interior do seu espazo finito imaxes e obxectos que tamén circulan no espazo do fóra —este é o modo no que se abre ao seu exterior—”<sup>5</sup>.

A instalación *Madame B* traballa precisamente nese dobre movemento do significado. Por unha banda, toma os problemas do mundo exterior —neste caso, a capitalización do amor, os roles de

veamos. Hay una estructura simbólica previa a la que el sujeto se sujeta. Es apenas en esa circulación de significado donde el artista puede intervenir, introduciéndose en una conversación previa, situándose como interlocutor de aquellos que hablan precisamente para que otros los escuchen y posteriormente puedan hablar. *Madame B* se sitúa en el espacio conversacional de Flaubert. La obra es una intervención en un espacio previo y una actualización de la conversación.

Producir una obra que dialoga con el tiempo para dialogar con Flaubert tiene en este caso un sentido añadido. Y es que la propia *Madame Bovary* —como gran parte de la obra de Flaubert— es una novela que entiende la creación en este sentido. La obra está creada a partir de clichés acerca de la novela romántica, que Flaubert poco a poco desestabiliza. El escritor parte de la toma de conciencia de que las emociones son construidas. Crean expectativas. La imaginación construida crea una naturaleza anticipativa. Para Flaubert la imaginación está construida a través de la lectura y “la capacidad de la novela para despertar la identificación y las fantasías”<sup>3</sup>. En *Madame B* esos procesos de identificación tienen lugar por medio del cine y la publicidad, los lugares desde los que hoy se produce esa construcción. Vemos, por ejemplo, reflejada en el rostro de Emma la institución de la imaginación a través de la televisión. Casi como si se tratase del célebre Método Ludovico de *La naranja mecánica*, el sujeto va poco a poco *sujetándose en la imagen*. De este modo, *Madame B* actualiza el sentido de construción de la imaginación que ya estaba presente en Flaubert.

En cierta manera, se podría decir que este autor adelanta el postestructuralismo, mostrándose en todo momento consciente de que detrás de cada texto hay un texto; de cada imagen, una imagen. La propia obra trabaja sobre la cita; sobre cómo nuestra imaginación y emoción se construyen a través de lo que leemos. De este modo, la novela opera como una extraña fisura de sentido en la repetición de los clichés. Es decir, llama la atención sobre su artificialidad. Y ahí se encuentra su posicionamiento crítico. En el caso de *Madame B*, la quiebra se hace evidente a través de la ruptura de la narración, pero también de la autoconciencia. De lo que se trata no es de contribuir, como harían las películas románticas, a consolidar estereotipos y a incrementar la imaginación amorosa; sino todo lo contrario, a evidenciar sus procesos de construcción y a instaurar fallas y grumos en el flujo de la imaginación.

## DE LA NOVELA A LA INSTALACIÓN

Actualizar el sentido de *Madame Bovary* pasa por esa quiebra en el flujo de los discursos. Para destruir esos clichés y romper el flujo del significado exterior, Bal y Williams Gamaker realizan un cambio de medio: de la novela a la instalación. Como ha señalado Boris Groys, “la instalación es para nuestro tiempo lo que la novela para el siglo XIX”<sup>4</sup>. Es la forma por excelencia del arte contemporáneo. Porque pone las cosas en contexto a través de su resignificación en el tiempo y en el espacio: “La instalación es un lugar de apertura, de descubrimento, de desocultamiento, precisamente porque sitúa en el interior de su espacio finito imágenes y objetos que también circulan en el espacio del afuera —este es el modo en el que se abre a su exterior—”<sup>5</sup>.

La instalación *Madame B* trabaja precisamente en ese doble movimiento del significado. Por un lado, toma los problemas del mundo exterior —en este caso, la capitalización del amor, los roles de



xénero ou a violencia simbólica— e, dentro do propio mundo que constitúe o espazo expositivo, fainos evidentes, mostra o seu outro, a súa sombra. Rompe a súa transparencia.

Esa ruptura prodúcese situando o espectador no centro dos problemas, fronte ás pantallas, bañado pola imaxe igual que Emma é bañada polos significados. Con todo, a diferenza dos modelos autoritarios e instituíntes do cinema, o espectador aquí pode circular dun espazo a outro, a narración non se *insire* no seu interior, senón que en todo momento se mostra na súa distancia crítica. O espectador non é construído, senón que é un construtor do discurso. Para iso é fundamental a propia estrutura da instalación, que expande no espazo e *corta* os distintos fragmentos da historia, identificando motivos, temas, ideas, que son mostradas en cada unha das seccións. Este despezamento da narración axuda o espectador a ser consciente da artificialidade do discurso e a ser consciente tamén da *citabilidade* das imaxes. O espectador é citado a un encontro no que é capaz de recoñecer aquilo que, no espazo real, non sempre é evidente.

O cambio de medio, da novela á instalación, supón tamén unha alteración na temporalidade. No seu estudo sobre *Madame Bovary*, Mario Vargas Llosa advertiu que na novela de Flaubert se daban cita catro modelos de tempo: singular, circular, plástico e imaxinario<sup>6</sup>. En primeiro lugar, atopamos o tempo do acontecemento: o tempo da sucesión, “un tempo singular e específico”. As cousas que pasan e que fan avanzar a novela: alguén entra, algo se move, algo ocorre... Xunto a este tempo, podemos identificar a presenza dun tempo circular: o tempo da rutina. Se o primeiro tempo se formula de modo concreto —“entrou o director...”—; o segundo é un tempo condensado, formulado a través do pretérito imperfecto, un tempo que resume unha serie de situacións: “era ás horas das comidas cando xa non podía máis (...) Charles comía moi amodo; ela amordicaba unhas abelás, ou ben, apoiada no cóbado, entreteñíase coa punta do seu coitelo en facer raias sobre o hule”.

No ámbito visual este tempo resumido e condensado só pode ser mostrado a través da repetición de acontecementos. E en *Madame B* vémolo, por exemplo, nos tempos das accións rutineiras ou no das conversacións na comida entre Charles e Emma, un tempo circular que se salienta a través da repetición. A mesma acción ou accións diferentes pero semellantes. Na novela sintetízase cun tempo imperfecto. Aquí, na imaxe, súxírese a través da sucesión de planos encadeados. Pódese dicir, pois, que neste tempo da repetición se dan cita o tempo circular e o tempo do acontecemento. O tempo abstracto conséguese, pois, a través da suma de diversos tempos concretos, tempos de rutina. Chégase á xeneralización por medio da concreción.

Vargas Llosa observa un terceiro tempo, que é o “tempo inmóbil ou a eternidade plástica”. É o tempo das descrições. O tempo dos obxectos, pero tamén nalgún momento, o tempo das persoas que son tratadas como obxectos. “Este plano temporal —di Vargas Llosa— é o da descripción, o das cousas, o do mundo exterior, o que lle dá á novela o seu espesor físico, esa materialidade coa que inevitablemente asociamos o nome de Flaubert”<sup>7</sup>. En *Madame B*, ese tempo inmóbil observámolo nas cousas, no plano, no detalle sobre os obxectos. Non é o tempo do suceso nin tampouco o tempo

género o la violencia simbólica— y, dentro del propio mundo que constituye el espacio expositivo, los hace evidentes, muestra su otro, su sombra. Rompe su transparencia.

Esa ruptura se produce situando al espectador en el centro de los problemas, frente a las pantallas, bañado por la imagen igual que Emma es bañada por los significados. Sin embargo, a diferencia de los modelos autoritarios e instituyentes del cine, el espectador aquí puede circular de un espacio a otro, la narración no se *inserta* en su interior, sino que en todo momento se muestra en su distancia crítica. El espectador no es construido, sino que es un constructor del discurso. Para eso es fundamental la propia estructura de la instalación, que expande en el espacio y *corta* los distintos fragmentos de la historia, identificando motivos, temas, ideas, que son mostradas en cada una de las secciones. Este despiece de la narración ayuda al espectador a ser consciente de la artificialidad del discurso, y a ser consciente también de la *citabilidad* de las imágenes. El espectador es citado a un encuentro en el que es capaz de reconocer aquello que, en el espacio real, no siempre es evidente.

El cambio de medio, de la novela a la instalación, supone también una alteración en la temporalidad. En su estudio sobre *Madame Bovary*, Mario Vargas Llosa advirtió que en la novela de Flaubert se daban cita cuatro modelos de tiempo: singular, circular, plástico e imaginario<sup>6</sup>. En primer lugar, encontramos el tiempo del acontecimiento: el tiempo de la sucesión, “un tiempo singular y específico”. Las cosas que pasan y que hacen avanzar la novela: alguien entra, algo se mueve, algo ocurre... Junto a este tiempo, podemos identificar la presencia de un tiempo circular: el tiempo de la rutina. Si el primer tiempo se formula de modo concreto —“entró el director...”—; el segundo es un tiempo condensado, formulado a través del pretérito imperfecto, un tiempo que resume una serie de situaciones: “era a las horas de las comidas cuando ya no podía más (...) Charles comía muy despacio; ella mordisqueaba unas avellanas, o bien, apoyada en el codo, se entretenía con la punta de su cuchillo en hacer rayas sobre el hule”.

En el ámbito visual este tiempo resumido y condensado solo puede ser mostrado a través de la repetición de acontecimientos. Y en *Madame B* lo vemos, por ejemplo, en los tiempos de la acciones rutinarias, o el de las conversaciones en la comida entre Charles y Emma, un tiempo circular que se enfatiza a través de la repetición. La misma acción o acciones diferentes pero semejantes. En la novela, se sintetiza con un tiempo imperfecto. Aquí, en la imagen, se sugiere a través de la sucesión de planos encadenados. Se puede decir, pues, que en este tiempo de la repetición se dan cita el tiempo circular y el tiempo del acontecimiento. El tiempo abstracto se consigue, pues, a través de la suma de diversos tiempos concretos, tiempos de rutina. Se llega a la generalización por medio de la concreción.

Vargas Llosa observa un tercer tiempo, que es el “tempo inmóvil o la eternidad plástica”. Es el tiempo de las descripciones. El tiempo de los objetos, pero también en algún momento, el tiempo de las personas que son tratadas como objetos. “Este plano temporal —dice Vargas Llosa— es el de la descripción, el de las cosas, el del mundo exterior, el que da a la novela su espesor físico, esa materialidad con la que inevitablemente asociamos el nombre de Flaubert”<sup>7</sup>. En *Madame B*, ese tiempo inmóvil lo observamos en las cosas, en el plano, en el detalle sobre los objetos. No es el tiempo del suceso, ni

abstracto; é un tempo case fotográfico, plástico. É un tempo presente, case intemporal. Ese *agora* da descrición atopámolo na profunda materialidade que ten cada plano. Unha materialidade propiciada pola densidade do mostrado. Noutro lugar, Vargas Llosa refírese á constante presenza en Flaubert de cousas inertes. Unha mirada que dá vida ás cousas. Incluso un certo fetichismo, no sentido de que as cousas están cargadas de vida. Pero un fetichismo que, igual ca o frenesí descritivo, “non é un fin en si mesmo, senón un procedemento do que se vale o narrador para desfacer a realidade e refacela distinta”<sup>8</sup>. En *Madame B* é posible atopar este fetichismo como arma dunha especie de materialidade estratéxica<sup>9</sup>. No momento actual de desmaterialización e licuefacción da experiencia, as pantallas de *Madame B* ofrecen corpos densos, e tamén cores e obxectos que non son transparentes, senón que se mostran na súa opacidade. O aderezo non é pura decoración; é contexto; funciona como personaxe<sup>10</sup>. O espectador ten en todo momento a sensación de habitar nun mundo con corpo. Non se trata dunha realidade virtual na que as cousas son ilusorias e parecen reais; non é un simulacro senón que é vida densa, experiencia estética —no sentido forte do termo *aisthese*—.

Por último, xunto ao tempo do acontecemento, o tempo circular e o tempo plástico, identificamos un *tempo imaxinario*. É o tempo subxectivo dos personaxes, o tempo que non podemos ver, a pura experiencia de duración que é diferente en cada un dos suxeitos. É un tempo non histórico nin medible, o tempo da expectativa, da frustración, da espera, do desexo, da intimidade. Na novela, este tempo aparece a través do estilo indirecto libre, que encadea a

tampoco el tiempo abstracto; es un tiempo casi fotográfico, plástico. Es un tiempo presente, casi intemporal. Ese *ahora* de la descripción lo encontramos en la profunda materialidad que tiene cada plano. Una materialidad propiciada por la densidad de lo mostrado. En otro lugar, Vargas Llosa se refiere a la constante presencia en Flaubert de cosas inertes. Una mirada que da vida a las cosas. Incluso un cierto fetichismo, en el sentido de que las cosas están cargadas de vida. Pero un fetichismo que, igual que el frenesí descriptivo, “no es un fin en sí mismo, sino un procedimiento del que se vale el narrador para deshacer la realidad y rehacerla distinta”<sup>8</sup>. En *Madame B* es posible encontrar este fetichismo como arma de una especie de materialidad estratégica<sup>9</sup>. En el momento actual de desmaterialización y licuefacción de la experiencia, las pantallas de *Madame B* ofrecen cuerpos densos, y también colores y objetos que no son transparentes, sino que se muestran en su opacidad. El atrezo no es pura decoración; es contexto; funciona como personaje<sup>10</sup>. El espectador tiene en todo momento la sensación de habitar en un mundo con cuerpo. No se trata de una realidad virtual en la que las cosas son ilusorias y parecen reales; no es un simulacro. Sino que es vida densa, experiencia estética —en el sentido fuerte del término *aisthesis*—.

Por último, junto al tiempo del acontecimiento, el tiempo circular y el tiempo plástico, identificamos un *tiempo imaginario*. Es el tiempo subjetivo de los personajes, el tiempo que no podemos ver, la pura experiencia de duración que es diferente en cada uno de los sujetos. Es un tiempo no histórico ni medible, el tiempo de la expectativa, de la frustración, de la espera, del deseo, de la intimidad. En la novela, este tiempo aparece a través del estilo indirecto libre, que encadena



Mieke Bal & Michelle Williams Gamaker: *Madame B: explorando o capitalismo emocional*, 2014. © Mieke Bal & Michelle Williams Gamaker





Mieke Bal & Michelle Williams Gamaker: *Madame B: explorando o capitalismo emocional*, 2014. © Mieke Bal & Michelle Williams Gamaker

narración dun tempo histórico coa cadencia do pensamento, que pasa en apenas unha frase desde o narrador á mente do personaxe. En *Madame B* ese tempo apreciámolo no rostro dos actores, que transmiten a intensidade da emoción máis aló da linguaxe. Rostros, como o de Emma, que en ocasións se volven impenetrables precisamente para dar conta da imposibilidade de mostrar aquilo que é exclusivamente individual e íntimo, por moito que fose construído desde o fóra.

Por suposto, igual que sucede na novela, na instalación os catro tempos funcionan á vez: “o fundamental non é a existencia destes catro planos que lle dan á materia narrativa distinta velocidade, certeza e natureza, senón a súa interdependencia, as mudas dun a outro, a maneira como se modifican e complementan”<sup>11</sup>. Con todo, no espazo da exposición os tempos ábreanse e o espectador é aínda máis consciente de experimentar unha multiplicidade temporal, unha heterocronía. Algo que se salienta aínda máis coa introdución dun novo tempo: o tempo da experiencia perceptiva, que vai un paso máis aló da experiencia lectora. A estrutura fragmentaria que rompe a narración introduce no espectador o tempo da construción do relato, que xa non é dado polo autor, senón que se produce na mente —e no corpo— do espectador. Aínda que é certo que hai unha liña argumental e un traxecto definido, o espectador pode optar por facer o seu propio camiño e construír a súa historia. Pero aínda que siga o percorrido prefixado, a multiplicidade de pantallas, narracións e estímulos visuais e sonoros que ten ante si produce unha ruptura na linealidade da sucesión temporal da novela. Incluso o tempo de permanencia ante cada imaxe, a posibilidade de non captar os detalles, de quedar con algúns máis ca con outros, dan unha

la narración de un tiempo histórico con la cadencia del pensamiento, que pasa en apenas una frase desde el narrador a la mente del personaje. En *Madame B* ese tiempo lo apreciamos en el rostro de los actores, que transmiten la intensidad de la emoción más allá del lenguaje. Rostros, como el de Emma, que en ocasiones se vuelven impenetrables precisamente para dar cuenta de la imposibilidad de mostrar aquello que es exclusivamente individual e íntimo, por mucho que haya sido construido desde el afuera.

Por supuesto, igual que sucede en la novela, en la instalación los cuatro tiempos funcionan a la vez: “lo fundamental no es la existencia de estos cuatro planos que dan a la materia narrativa distinta velocidad, certidumbre y naturaleza, sino su interdependencia, las mudas de uno a otro, la manera como se modifican y complementan”<sup>11</sup>. Sin embargo, en el espacio de la exposición los tiempos se abren y el espectador es aún más consciente de experimentar una multiplicidad temporal, una heterocronía. Algo que se enfatiza aún más con la introducción de un nuevo tiempo: el tiempo de la experiencia perceptiva, que va un paso más allá de la experiencia lectora. La estructura fragmentaria que rompe la narración introduce en el espectador el tiempo de la construcción del relato, que ya no es dado por el autor, sino que se produce en la mente —y en el cuerpo— del espectador. Si bien es cierto que hay una línea argumental y un trayecto definido, el espectador puede optar por hacer su propio camino y construir su historia. Pero, aunque siga el recorrido prefixado, la multiplicidad de pantallas, narraciones y estímulos visuales y sonoros que tiene ante sí produce una ruptura en la linealidad de la sucesión temporal de la novela. Incluso el tiempo de permanencia ante cada imagen, la posibilidad de no captar los detalles, de quedarse con algunos más que con otros, dan una soberanía a la percepción del

soberanía á percepción do espectador, que acaba converténdose nun narrador, polo menos para si, da historia.

Bal e Williams Gamaker, pois, máis que contar unha historia, desprégana, ábrenla para facela funcionar. Rompen a estrutura de Flaubert e ao mesmo tempo danlle sentido. Porque, no fondo, do que se trata é de facer poñer en contacto a Flaubert co presente. Porque a historia de Emma Bovary é o principio da nosa historia. Alí están latentes moitas das cousas que somos. Dialogar con ela é activalas, traelas ao presente. O que fai a obra é presentarse case como unha imaxe dialéctica, explosiva, unha intervención no tempo.

Aí reside a súa contemporaneidade, na apertura do tempo. Volvendo ao texto de Agamben co que comezabamos este ensaio, o contemporáneo “é quen, dividindo e interpolando o tempo, está en condicións de transformalo e poñelo en relación cos outros tempos, de ler nel de maneira inédita a historia, de ‘citala’ segundo unha necesidade que non provén de ningún xeito do seu arbitrio senón dunha esixencia á que el non pode responder”<sup>12</sup>. O contemporáneo trae o pasado ao presente para que poida dicir aquilo que no seu momento non puido dicir ou, como suxería Walter Benjamin, “ler o que nunca foi escrito”<sup>13</sup>. Ver o que se intuía pero non puido ser visto do todo. Actualizar a Flaubert é, deste xeito, conectalo co presente, pero tamén crear un espazo-tempo composto dun pasado que non puido dicir e dun presente que só pode ser visto grazas a esa latencia do pasado. Un contratempo. Por dicilo con Agamben, “ser contemporáneos significa, nese sentido, volver a un presente no que nunca estivemos (...), ser puntuais nunha cita á que só é posible faltar”<sup>14</sup>.

Miguel Ángel Hernández Navarro

espectador, que acaba convirtiéndose en un narrador, al menos para sí, de la historia.

Bal y Williams Gamaker, pues, más que contar una historia, la despliegan, la abren para hacerla funcionar. Rompen la estructura de Flaubert y al mismo tiempo le dan sentido. Porque en el fondo, de lo que se trata es de poner en contacto a Flaubert con el presente. Porque la historia de Emma Bovary es el principio de nuestra historia. Allí están latentes muchas de las cosas que somos. Dialogar con ella es activarlas, traerlas al presente. Lo que hace la obra es presentarse casi como una imagen dialéctica, explosiva, una intervención en el tiempo.

Aquí reside su contemporaneidad, en la apertura del tiempo. Volviendo al texto de Agamben con el que comenzábamos este ensayo, el contemporáneo “es quien, dividiendo e interpolando el tiempo, está en condiciones de transformarlo y ponerlo en relación con los otros tiempos, de leer en él de manera inédita la historia, de ‘citarla’ según una necesidad que no proviene en modo alguno de su arbitrio sino de una exigencia a la que él no puede responder”<sup>12</sup>. El contemporáneo trae el pasado al presente para que pueda decir aquello que en su momento no pudo decir, o, como sugería Walter Benjamin, “leer lo que nunca fue escrito”<sup>13</sup>. Ver lo que se intuía pero no pudo ser visto del todo. Actualizar a Flaubert es, de este modo, conectarlo con el presente, pero también crear un espacio-tiempo compuesto de un pasado que no pudo decir y de un presente que solo puede ser visto gracias a esa latencia del pasado. Un contratiempo. Por decirlo con Agamben, “ser contemporáneos significa, en ese sentido, volver a un presente en el que nunca estuvimos (...), ser puntuales en una cita a la que solo es posible faltar”<sup>14</sup>.

Miguel Ángel Hernández Navarro

